



## AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR - CURSO 2022/23.

(Orde do 29 abril de 2022- DOG 18 de maio de 2022)

Regula as diversas modalidades de gratuidade solidaria e as axudas para a adquisición de material escolar:

- Participación no **Fondo solidario** de libros de texto en **1º, 2º, 3º e 4º ESO.**
- Axudas para **Adquisición de material escolar** en **1º, 2º, 3º e 4º ESO.**

### ASIGNACIÓN DE LIBROS

Efectuarase:

- Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias. Terá **PREFERENCIA** o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% con independencia da renda.
- Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro adquirirá os libros que sexan necesarios para garantir:
  - Ao alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€, ao alumnado en garda ou tutela da Xunta e ao alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65%: **SEIS** libros.
  - Con renda per cápita entre 6.000 € e 10.000 €: **CATRO** libros.

### CONTÍA DA AXUDA PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR (TODA A ESO)

- Alumnado con renda igual ou inferior a 6.000€, tutelado pola Xunta ou con discapacidade igual ou superior ao 65% : 50 €

### RENDA PER CÁPITA

É o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2020 entre o número de membros computables (computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da SS por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas) .

A renda da unidade familiar obtense sumando as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos. Sumaranse os recadros **435 (base imponible xeral)** e **460 (base imponible do aforro)**. Cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

### LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes (única para todos os fillos) deberán presentarse preferentemente por vía electrónica nos formularios normalizados (**ED330B-anexos I e II**) dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365.

### PRAZO DE PRESENTACIÓN

- a. Ata o **22 de xuño**
- b. Para o alumnado que repita 4º ESO no curso 2022/23, cando non tivese presentado solicitude de participación no fondo solidario nin de axuda para adquirir material escolar no prazo indicado, poderá presentala no prazo de 1 mes desde a formalización da matrícula



## DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Anexo I
- **Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).** No caso de opoñerse á consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos xustificativos (DNI, certificado do grao de incapacidade e da percepción de pensión de ser o caso). Para a declaración do imposto sobre as persoas físicas, e a falta deste, o certificado de imputacións de renda do exercicio 2020 será necesario o consentimento expreso. No caso de non autorizar a consulta deberán aportar os documentos xustificativos.
- Se o solicitante posúe DNI ou NIE:
  - **Libro de familia** no que figuren todos os membros computables.
  - En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Excepcionalmente, se o solicitante carece de DNI ou NIE, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- **Libro de familia** ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
  - Certificado ou volante de convivencia.
  - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
- 
- Certificado acreditativo do **grao de discapacidade** do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.
  - Documentación xustificativa da situación de **violencia de xénero** no ámbito familiar (sempre que o agresor forme parte da unidade familiar), en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
  - Resolución xudicial de **incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
  - Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o **alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia**.
  - Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE**.

Cando a documentación se presente no centro docente, achegaranse fotocopias e os respectivos orixinais, para que a persoa que a reciba verifique a súa autenticidade. Os documentos deberán ser válidos no momento da súa presentación e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2020.

## DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO DO CURSO 2021/22

O prazo máximo para devolvelos será o venres 17 de xuño de 2022.

**NON TEÑEN DEREITO A LIBROS DO FONDO OS ALUMNOS QUE NON DEVOLVERON OU ESTÁN INSERVIBLES OS LIBROS DO CURSO 21/22.**

**A PERSOA BENEFICIARIA NUNCA DEBERÁ ASINAR O VALE ANTES DE RECIBIR OS LIBROS DE TEXTO OU O MATERIAL ESCOLAR.**